

EPIFANÍA DO SEÑOR (C)

PRIMEIRA LECTURA Is 60, 1-6

Lectura do libro do profeta Isaías

Levántate, brilla, que a túa luz xa chegou; si, a gloria do Señor resplandece sobre ti. Pois, ollá, a escuridade cobre a terra e a negrura os pobos, pero sobre ti resplandece o Señor e a súa gloria faise ver sobre ti.

Certo que os pobos camiñarán coa túa luz e os reis co resplandor do teu alborear. Levanta os teus ollos arredor, todos estes xuntáronse, viñeron a ti. Os teus fillos veñen de lonxe e as túas fillas son traídas no colo. Entón, cando o vexas, estarás radiante e o teu corazón latexará e ensanchará, pois as riquezas do mar traeráñchese a ti e os bens dos pobos virán para ti. Estarás cuberta dunha chea de camelos, de dromedarios novos de Madián e de Efah. Todos eles virán de Sabá. Virán cargados de ouro e incenso, e proclamarán ledos a loanza do Señor.

SALMO RESPONSORIAL Sal 71, 2. 7-8. 10-11. 12-13

R/. (cf. 11): **Hante adorar, Señor, tódolos reis da terra.**

Que rexa o teu pobo con xustiza,
e os teus pobres con equidade.

Florecerá a xustiza nos seus días,
unha prosperidade duradeira coma a lúa.
Dominará de mar a mar,
desde o gran río ata o cabo da terra.

Ofreceranlle regalos os reis de Tárxix e das illas,
os reis de Saba e de Sebá pagaranlle tributo.
Prostraranse perante el tódolos reis da terra,
servirano tódalas nacións.

El librará o pobre que suplica,
o aflixido que está sen axuda.
Terá piedade do feble e do indixente,
e salvará a vida dos pobres.

SEGUNDA LECTURA Ef 3, 2-3a. 5-6

Lectura da carta do Apóstolo San paulo ós Efesios

Irmáns: Coido que oístes falar da encomenda que a gracia de Deus me fixo en favor voso: xa que por medio dunha revelación se me deu a coñece-lo misterio, que noutras xeracións non se lle dera a coñecer á humanidade como agora llelo manifesta o Espírito ós seus santos apóstolos e profetas: que os xentís son parceiros, membros do mesmo corpo e copartícipes da promesa en Cristo Xesús polo Evanxeo.

EVANXEO Mt 2, 1-12

Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo

Xesús naceu en Belén de Xudea, en tempos do rei Herodes. E nisto uns magos de Oriente chegaron a Xerusalén preguntando: - ¿Onde está o Rei dos xudeus que acaba de nacer? Porque vimos saí-la súa estrela alá no Oriente, e vimos para lle render homenaxe. Oíndo isto, o rei Herodes alporizouse, e con el toda Xerusalén. Convocou a tódolos sacerdotes e letrados do pobo, para lles preguntar onde tiña que nace-lo Mesías. Eles responderon: - En Belén de Xudea, que así o deixou escrito o profeta: E ti Belén, terra de Xudea, de ningún xeito e-la máis pequena, entre as vilas de Xudea, que de ti ha saí-lo guía que será o pastor do meu pobo Israel.

Entón Herodes, ás agachadas, chamou polos magos, para se informar ben de cando lles aparecera a estrela. Logo mandounos a Belén, dicíndolles: - Ide e informádevos ben do que hai dese neno; e unha vez que o atopedes, avisádeme, para ir eu tamén a lle render homenaxe.

Eles, despois de oíren o rei, puxéronse en camiño. E, velaí, a estrela que viran saír no Oriente foinos guiando ata se deter enriba de onde estaba o neno. Grande alegría sentiron ó veren saír de novo a estrela.

E cando entraron na casa atoparon o neno con María, súa nai. Prostráronse e rendéronlle homenaxe; logo, abrindo os seus tesouros, ofrecéronlle como regalo ouro, incenso e mirra. Logo, avisados en soños de que non volvesen por onda Herodes, saíron para a súa terra por outro camiño.